



AXUDAS COMEDOR ESCOLAR XESTIÓN DIRECTA. CORONAVIRUS: COVID-19

1. A que persoas vai dirixido?

A presente orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras dunha liña de axudas as familias do alumnado que ostenta a **condición de gratuito e do que por renda familiar resulta pagador dun euro** nos centros educativos públicos non universitarios xestionados pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que imparten os niveis de ensinanza básica obrigatoria no segundo ciclo de educación infantil, en educación primaria e no ensino secundario obrigatorio.

É dicir, a familias que durante o curso escolar pagan 0 euros ou 1€ polo comedor.

2. En que consiste a axuda?

As axudas económicas previstas consisten nunha **compensación do custo diario do menú por comensal**, entendido como o servizo de comida ao mediodía, e **polos días de lectivos de suspensión da prestación do servizo** como consecuencia das medidas adoptadas pola pandemia do COVID-19.

É dicir, axúdase economicamente a manutención do alumno/a que é o que se viña a facer no centro educativo, por iso non pagaba os 4,50€ de comedor por día que sería o tope máximo a pagar.

3. Que axuda se vai a percibir?

(2,50 €/día) no casos de alumnado gratuidade total

(1,50 €/día) para o alumnado que paga 1€

4. Que días cubre esta axuda?

Marzo: dende o día 16 ata o 31 de marzo: en total só 11 días lectivos.

Abril: dende o 1 ó 3 de abril: en total só 3 días.

Prórroga: si se prolonga outros 15 días cubriría (días lectivos) ata o 1 de maio (non incluído por ser festivo)

5. Como se vai a pagar?

En dous pagamentos.

1 pagamento: polo período de marzo e o de abril ata semana santa (3 abril).

2 pagamento: si se prorroga unha terceira situación de alarma ata o 1 de maio.

6. Quen son os beneficiarios?

Familias que cumpran os requisitos económicos (punto 2) cun ou máis fillos escolarizados en centros educativos ó cargo da Consellería de Educación.

7. Como presentar a solicitude e que prazo hai?

Prazo: dende o día 31 de marzo o 6 de abril, ambos inclusive.

Presentación: **Forma electrónica sempre**, de **tres** formas:

1. Formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

Para elo é necesario ter certificado dixital, ou a chave 365.

2. Dirección do centro: enviando un correo electrónico a ceip.barrie.maza@edu.xunta.gal cos seguintes datos:

- DNI da nai ou pai:
- Pagamento: gratuidade total ou abono de 1€
- Nome da/o alumna/o:
- Nome da/o nai/pai:
- Número de conta bancaria:

3. Chamando a calquera dos teléfonos do centro en horario de mañá (**de 10:00 a 14.00**) e aportando todos os datos do apartado anterior

8. Publicítase a resolución das familias beneficiadas?

NON, porque son datos de especial vulnerabilidade, entón non será exposto publicamente as familias beneficiadas de acordo artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño,

de subvencións de Galicia, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Aclaración: cada familia saberá si é beneficiaria por ingreso de conta bancaria.

9. Canto tempo tarda en resolverse a resolución?

10 días, desde que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

10. Canto tempo tarda a Xunta de Galicia en aboar o pagamento?

5 días desde que salga a resolución.

Atentamente
Dirección do CEIP Plurilingüe Barrié de la Maza
(Santa Comba)

Asdo. María Dolores Nieto Caamaño